

# PREVENCIÓN DA EXPLOTACIÓN SEXUAL NA INFANCIA E ADOLESCENCIA.

**Ferramentas para profesionais que interveñen  
con menores en tutela, garda ou protección.**



## 1.- Presentación:

Médicos do Mundo xunto a outras catro entidades (Fundación Cruz Blanca, Mujeres en Conflicto, APRAMP e Proyecto Esperanza), estamos implementando o **"I Plan de Inserción Socio Laboral a mujeres y niñas víctimas de trata y explotación sexual y contextos prostitucionales"**, enmarcado no "I Plan operativo para la protección de los derechos humanos de mujeres y niñas víctimas de trata, explotación sexual y mujeres en contextos prostitucionales 2022-2026 – Plan Camino" do Ministerio de Igualdade.

Dentro deste plan, un dos programas no que estamos a traballar é o de **"Acompañamiento social y psicológico para la recuperación integral de la salud física, psicológica y reproductiva de menores tuteladas"**. Nesta área enmárcase a formación que ofrecemos dende Médicos do Mundo ao Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia.

## 2.- Datos básicos da formación:

**Data:** venres 4 de outubro de 2024

**Duración do curso:** 4h (de 10h a 14h)

**Modalidade:** Presencial

**Lugar:** [sede do CEESG](#) (R/ Lisboa 20, Baixo C Santiago de Compostela 15707)

**Cota de matriculación:**

- **De balde.** Formación exclusiva para Colexiadas e colexiados do CEESG

**Inscricións:** Na páxina web do Ceesg. [ceesg.gal](https://ceesg.gal)

**Data límite inscricións:** 1 de outubro de 2024

### 3.- Obxectivo:

O **obxectivo xeral** da formación sobre explotación sexual e infantil é dotar de ferramentas e capacidades ás persoas profesionais que interveñen (ou intervirán) con menores en tutela, garda ou protección de Galicia.

Os **obxectivos específicos** son:

- Xerar coñecemento sobre o fenómeno da explotación sexual e adolescente en España.
- Mellorar as capacidades de detección de indicios e as consecuencias psicosociais da explotación sexual infantil e adolescente.
- Capacitar ás persoas profesionais para a intervención coas vítimas.

### 4.- Docentes:



**Raquel Álvarez Vázquez**

Educadora social, desenvolveu a meirande parte da súa traxectoria profesional no ámbito de protección de menores, en distintos contextos xeográficos e culturais, pero sempre ligada a recursos residencias e á intervención directa.

Na actualidade exerce diferentes funcións en Médicos do Mundo céntranse na prevención de explotación sexual na infancia e na adolescencia por unha banda, e no acompañamento en procesos de empoderamento de mulleres vítimas de trata, explotación sexual e contextos de prostitución pola outra.



ceesg.gal | 981.552.206